

Nome da parroquia: Cosoirado (Santa María)**Código: 02***Delimitación:*

Situada no leste do concello, a parroquia de Cosoirado limita ao norte coa parroquia de San Lourenzo de Moraña, ao leste co concello de Campo Lameiro e ao sur coa parroquia de San Mamede de Amil.

Estrutura territorial

Esta parroquia é a de menor superficie do concello, posúe unha forma sensiblemente oblonga cun chafrán nun lado e está orientada na dirección noroeste-sueste.

As pendentes e a orientación noroeste definen a topografía desta parroquia, xa que atopamos poucas zonas horizontais. A destacar os montes situados ao leste, que limitan co concello de Campo Lameiro e que alcanzan cotas que superan os 460 metros. O punto máis alto está en O Castelo e chega aos 470 metros, lugar onde se atopan os restos dun castro. A partires destes montes, o terreo comeza a baixar progresivamente ata os 230 metros con pendentes fortes na parte leste e moderadas na oeste.

En canto aos cursos de auga, os máis relevantes da parroquia son O Rego de Portopereiro e o Rego da Buzaca. O primeiro nace preto do núcleo de Cosoirado cara o sueste, e corre de leste a oeste pasando á parroquia de San Lourenzo e desembocando no Río de Cornide. O segundo nace da unión de dous regos que veñen do concello de Campo Lameiro e baixa cara norte formando parte do límite parroquial entre Cosoirado e San Lourenzo encontrándose no seu camiño co Río de Cornide.

Xerarquía dos asentamentos

A parroquia de Santa María de Cosoirado está composta por un único núcleo que recibe o mesmo nome e está asentado no cuadrante noroeste. O acceso principal é a estrada PO-221 que pasa preto do núcleo e que forma parte do límite parroquial con San Lourenzo. Ancha e cun firme en boas condicións, dela nace unha vía estreita e con asfalto vello que nos leva ao lugar dende o norte.

Este asentamento é de tamaño medio e medrou ao longo dun camiño que se vai bifurcando sucesivamente en forma de acio ou alveolar e adaptándose á topografía evitando as grandes pendentes. A edificación e as construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños e próximas entre si, configurando un núcleo relativamente compacto e cons límites ben definidos.

Non aparecen vivendas de nova construción, sen embargo si se observan ampliacións e reformas de vivendas tradicionais, de xeito que, apoiándose nestas, constrúese unha parte nova ao lado ou directamente enriba.


O parcelario da parroquia soe ser de pequeno ou medio tamaño e forma irregular, nos núcleos. Na periferia hai varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares, estreita e alongada produto da división das anteriores e de gran tamaño de propiedade veciñal.

Tipoloxía dos edificios

Se falamos da edificación tradicional, dicir que son casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos:



- O primeiro, e probablemente máis antigo, ten pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos e pozos.
- O segundo tipo, e máis frecuente, ten planta rectangular, caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. É habitual o peche de pedra con portal sobre o que se asentaban as construcións auxiliares como alpendres, hórreos e mesmo a propia vivenda. Como arquitecturas singulares podemos citar a casa reitoral, a vivenda coa pontella de pedra, os cruceiros e o camiño de pedra que nos leva ao pazo da Buzaca.






codificación

 vivenda tradicional	 alpendre tradicional	 equipamento	 hórreo moderno	 granxa
 vivenda moderna	 alpendre moderno	 hórreo tradicional	 outras construcións tradicionais	 nave industrial / terciario



oau plan xeral de ordenación municipal
 oficina de arquitectura urbanismo y planificación
 documento de aprobación inicial



Concello de Moraña

modelo de asentamento poboacional
Cosoirado (Santa María)

M-1.02(a)

setembro 2012



escala: 1/5.000

[Signature]

[Signature]

NÚCLEO	COSOIRADO		NÚMERO	02.01	PARROQUIA	COSOIRADO (SANTA MARÍA)	
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL					C-3.10		
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no leste do Concello, núcleo no leste da parroquia.					
	Topografía	Predominio das pendentes suaves ou moderadas e a orientación oeste.					
	Poboación	63					
	Tipo	Mononuclear bastante compacto.					
VIAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria que comunican coa PO-221.						
	Estado: Accesos estreitos con asfalto antigo e zonas con arranxos. Vías interiores estreitas con asfalto antigo e con zonas co asfalto en malas condicións e con fochas. Sen beiravías e sen pintar.						
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral parcelas de tamaño pequeno ou medio e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares, estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores e a de gran tamaño de propiedade veciñal. A ocupación é variable, coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, sen embargo, as que carecen del teñen unha organización máis aberta e dispersa.						
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de tamaño medio asentado ao longo dun camiño que se vai bifurcando sucesivamente en forma de acio ou alveolar e adaptándose á topografía evitando as grandes pendentes. A edificación e as construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños e próximas entre si.					
	Núcleo recente	Non aparecen vivendas de nova construción, sen embargo si se observan ampliacións e reformas de vivendas tradicionais, de xeito que, apoiándose nestas, constrúese unha parte nova ao lado ou directamente enriba.					
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular e muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos, pozos e palleiras. - O segundo tipo, e máis frecuente, de planta rectangular, caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. É habitual o peche de pedra con portal sobre o que se asentán as construcións auxiliares como alpendres, hórreos ou a vivenda. Gran parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de ruína ou abandono. Destacar a casa reitoral pola coidada construción e calidade dos muros e ocos e a casa da pontella que permite o acceso directamente dende o primeiro andar primeiro ata as leiras e o hórreo.						
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓN AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres, algún con forno, e as palleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou un pouco separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter tres ou catro tramos apoiados sobre cepas, os frontais de pedra e cuberta a dúas augas de tella, colocados nos arredores da vivenda e, moitas veces, sobre o peche cun estado de conservación variable dende bo ata ruinoso. Destacar a existencia dunha forxa antiga nun alpendre. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento para as cubertas.						
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total	Vivenda tradicional	Vivenda nova	Industria / terciario	Outras		
	44	44	-	-	104		
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado	
	si	veciñal	si	si	si	si	
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación					SUP: m ²
	SLE-CP201 Pr-Ex	Igrexa Parroquial de Santa María					803,38
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM	C-02-01	Cruceiro preto da Igrexa Parroquial de Santa María					
	C-02-02	Cruceiro da Tareixa					
	E-02-02	Fonte con Virxe					
	I-02-01	Igrexa Parroquial de Santa María					
	P-02-01	Casa Reitoral					

NÚCLEO	COSOIRADO	NÚMERO	02.01	PARROQUIA	COSOIRADO (SANTA MARÍA)
--------	-----------	--------	-------	-----------	-------------------------

CONSIDERACIÓN URBANÍSTICA

Corenta e tres casas de pedra con alpendres e hórreos que seguen a tipoloxía tradicional da zona, algunhas con recentes modificacións ou ampliacións, situadas á beira dos camiños e próximas entre si, xeralmente con terreos de labranza na parte posterior, conformando todas elas co conxunto parroquial un lugar identificable e acoutable de tamaño medio que segue a tipoloxía de núcleo asentado ao longo dun camiño que se bifurca sucesivamente e que permanece case inalterado, polo que se define como **núcleo rural histórico-tradicional**.

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Superficie bruta delimitada NHT (m ²)	Superficie neta delimitada NHT(m ²)	Parcelas edificadas	Parcelas edificables	Consolidación (%)	Densidade de vivendas (viv/Ha)
	64.838	51.602	39	19	67,24	6,79



Fotografía aérea de Cosoirado.